

CRECENTE*Edicto de información pública sobre solicitud de licenza de actividade*

Maderas Montero S.L., solicitou licenza de actividade e instalación para legalización de secadeiro de Madeira, sito en Pousa-Ribeira (Crecente).

En cumprimento do disposto no artigo 8.1 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese o expediente a información pública polo prazo de vinte días (contado a partir do seguinte ao da publicación deste edito no BOP e no DOG) a fin de que as persoas que se consideren afectadas pola actividade que se pretende establecer poidan examinalo e formular as reclamacións e observacións que coiden oportunas.

Crecente, a 24 de maio de 2011.—O Alcalde en funcións, Julio C. Garcia-Luengo Pérez. **2011005664**

* * *

A ESTRADA**E D I C T O**

Solicitando desta Alcaldía por parte de D. José Luis Sierra Iglesias, licenza municipal para a actividade de construción de Nave – Parque de Maquinaria de apoio ás explotacións forestais nun inmovible sito na finca nº 1346 da ZCP de Matalobos – Toedo, cumprindo o disposto no art. 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, coa fin de que durante o mesmo –que comezará a computarse dende o día seguinte ao da última inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia– poidan examinar o expediente, no Departamento Municipal de Urbanismo, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

A Estrada, 13 de maio de 2011.—O Alcalde-Presidente, José Antonio Dono López. **2011005623**

* * *

O GROVE**E D I C T O**

Solicitada desta Alcaldía por Gonzalo Naveiro Pérez licenza de actividade para restaurante na Avda. Beiramar, nº 32, deste termo municipal (exp.005/11).

En cumprimento do establecido no artigo 86 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sométese o expediente a información pública por un período de vinte días hábiles, co fin de que nese tempo –que empezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia– as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar poidan examinalo na Secretaría deste Concello e formular por escrito as reclamacións ou as observacións que estimen oportunas.

O Grove, a 25 de maio de 2011.—O alcalde, José Antonio Cacabelos Rico. **2011005668**

* * *